CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

DITAME DO CES-GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

EMENDAS QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2021

DITAME DO CES – GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA.

EMENDAS que que presenta a Confederación de Empresarios de Galicia.

O Grupo Segundo, integrado pola representación da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepa do contido da proposta de Ditame, polo que presentan as seguintes emendas para a súa toma en consideración na sesión do Pleno do Consello Económico e Social de Galicia do 14 de xullo de 2021.

As partes do Ditame sobre as que non se presentan emendas enténdense aceptadas. A aceptación das propostas conleva o cambio de numeración das consideracións da proposta de ditame.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.Emenda de supresión. Consideración xeral segunda.

Xustificación:

O Grupo segundo non están de acordo coa consideración xeral segunda da proposta de Ditame ao entender que establece unha serie de consideracións xerais sobre a práctica incontrolada do xogo, que non están xustificadas nos datos obxectivos.

En opinión da CEG é fundamental centrar con datos cal é o problema real: se o xogo presencial autonómico, que é sobre o que a Comunidade Autónoma ten competencia, ou é outra tipoloxía de xogo (o xogo on- line ou o público).

Os datos e informes oficiais demostran que o problema real é o xogo público e en liña, polos seguintes motivos:.

- O Ministerio de Sanidade, a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional de Drogas, publicou recentemente a terceira edición do 'Informe sobre Adiccións comportamentales: xogo con diñeiro, uso de videoxogos e uso compulsivo da internet nas enquisas de drogas e outras adiccións en España IDADES e ESTUDES", de acordo á actualización correspondente aos resultados publicados da enquisa IDADES 2019/2020.

O estudo conclúe, unha vez máis, que máis da metade da poboación de 15 a 64 anos (63,6% en 2019/20) xogou con diñeiro no último ano, facéndoo maioritariamente a través de xogos de lotería convencional e instantánea, é dicir os xogos de Loterías e Apostas do Estado e a ONCE.

- O informe 'Xogo e Sociedade' 2020, da Universidade Carlos III, afirma que o índice de xogo problemático en 2020 está no 0,3% da poboación entre 18 e 75 anos en España (0,1 se se mide co cuestionario PGSI e 0,3 co DSM-IV), polo que España sitúase entre os cinco países con menor incidencia na UE.

- Os xogos que máis se xogan son as loterías xestionadas por SELAE e ONCE e o que máis crece son os rascas da ONCE (xoga o 9,9% da poboación, é dicir, 3,5 millóns de persoas, deles o 50,5% menores de 35 anos)

- Así mesmo no resumo executivo do I Estudo do Xogo Privado Presencial de Galicia (Profesor D. José Ignacio Cases/ Novadays actualizado abril 2020) establécense os seguintes datos:

- a) a penetración do sector de xogo en Galicia, medida como cociente sobre poboación, é das menores de España; b) en canto ao número de máquinas recreativas de tipo B Galicia sitúase entre as catro comunidades autónomas con menor número de

máquinas por cada 100.000 hab.; c) en canto a salas de bingo, Galicia é a terceira comunidade con menor cociente de bingos por habitante; d) en canto ao número de salóns de xogo, no ano 2017 existían en Galicia 3,88 salóns de xogo por cada 100.000 hab. Cifra moi inferior á media nacional que se sitúa ao redor dos 6,22 salóns por cada 100.000 hab. Na actualidade Galicia conta con 118 salóns de xogo e 2.696.995 hab. o que supón 4,37 salóns por cada 100.000 hab., cifra moi inferior á media nacional; e) en canto ao xogo problemático, as porcentaxes son inferiores aos do conxunto de España, tanto na escala DSM-IV como na escala PGSI: no primeiro, é dun 0,2 fronte ao 0,7 do resto de España, e no segundo dun 0,2 fronte ao 0,5 do resto de España.

- Fronte á afirmación de que o anteproxecto non aborda con suficiente contundencia a problemática do incremento do consumo en xogo (do xogo presencial, sobre o que ten competencia a Comunidade Autónoma) debe sinalarse que esta afirmación resulta contradita desde os primeiros artigos da normas, así o art. 3 que regula os principios reitores das actuacións en materia de xogo (no que se se inclúe o da protección das persoas menores de idade e das que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas, ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente, así como das persoas con problemas de adicción ao xogo ou en risco de padecelo), ou o art. 4 sobre políticas de xogo responsable, en especial: creación do Observatorio de Xogo, promoción por parte da Xunta de políticas de concienciación e prevención , medidas que deben adoptar os operadores de xogo, prohibición de conceder préstamos, bonificacións ou partidas gratuítas, formación por parte dos operadores dos seus traballadores, créditos especiais en orzamentos, etc... ; noutros preceptos regúlase a publicidade, art. 5, (está suxeita a autorización previa), os controis de acceso de menores e prohibidos en todos os establecementos de xogo; ou o incremento das distancias: antes 150 m. polo camiño máis curto entre establecementos de xogo da mesma categoría mentres que agora 300 m., medidos de forma radial, con respecto a calquera outro establecemento de xogo, independentemente da categoría, cuestión que na práctica amplía de forma exponencial a distancia.

Polos motivos sinalados, compartindo o principio preventivo dos trastornos adictivos , non se pode manifestar o acordo sobre a afirmación sobre a "práctica incontrolada do xogo" ou que "o texto debe abordar con maior compromiso a problemática".

Hai que sinalar, ademais que o do xogo é un sector " hiperregulado", a través de distintas medidas normativas que cabe clasificar da forma seguinte:

- Medidas dirixidas á protección de menores, de prohibidos e de usuarios de xogo.
- Medidas dirixidas á limitación de acceso aos locais de xogo.
- Medidas dirixidas a planificar, limitar e ordenar o sector, os establecementos e as empresas de xogo.
- Medidas dirixidas aos requisitos que ten que cumprir unha empresa de xogo.
- Medidas dirixidas á obriga de ter políticas de xogo responsable.
- Medidas dirixidas aos requisitos técnicos que deben ter as máquinas de xogo e á necesidade da súa homologación.
- Medidas dirixidas a limitar a publicidade e a promoción das actividades de xogo.
- Medidas relativas ás infraccións e sancións de xogo.
- Corpo de inspectores específicos de xogo.
- Outras medidas que contemplan prohibicións e limitacións regulamentarias.

2.Emenda de modificación. Consideración xeral terceira.

Xustificación:

Con respecto á consideración xeral terceira proponse a supresión do seu primeiro parágrafo, tendo en conta o sinalado máis arriba sobre o carácter "hiperregulado" do sector do xogo e de que as medidas que se consideran "insuficientes " poñen en risco a

continuidade da actividade e do emprego das empresas do sector, como máis adiante se verá para o caso concreto do réxime de autorización.

Con respecto ao seu segundo parágrafo maniféstase o acordo co compromiso de dotación de recursos para o desenvolvemento de actuacións de natureza asistencial das ludopatías e o deseño de políticas de xogo responsable.

En todo caso e para clarificación da posición da CEG, cabe destacar que a dotación orzamentaria para as devanditas actuacións tamén podería vir dada con cargo á taxa fiscal sobre o xogo.

Texto alternativo:

O CES, considerando moi oportuno o desenvolvemento de actuacións de sensibilización e información e deseño de políticas de xogo responsable, bota en falta específicas mencións a actuacións de natureza asistencial das ludopatías, reforzadas cun compromiso de dotación de recursos para o seu desenvolvemento, sobre a base por exemplo da dedicación de parte da recadación por sancións para estes fins. O CES considera que debe garantirse un marco orzamentario para o deseño das políticas de xogo responsable así como o das actividades preventivas e asistenciais.

3.Emenda de supresión. Consideración xeral quinta.

Esta consideración fai referencia implícita á necesidade de regular a figura do xogo en liña a través deste Anteproxecto.

Xustificación:

O xogo en liña baséase na posibilidade de que o operador de xogo poida ofrecer os seus servizos ao maior número de clientes posibles, de tal maneira que para un operador en liña non sexa rendible nin práctico un xogo limitado ao territorio dunha Comunidade Autónoma, cando ten a posibilidade de obter a través da Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio do Interior unha autorización que lle permita operar on- line en todo o territorio nacional.

O xogo en liña está xa regulado na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, norma na que, como sinala o seu Preámbulo, considerouse o avance nos servizos de comunicación e, como consecuencia da súa aplicación ás actividades de xogo, a desvinculación deste tipo de actividades do territorio.

4.Emenda de modificación. Consideración xeral sexta.

O Grupo segundo comparte que a actividade de xogo debería estar prohibida en recintos deportivos e feirais e consecuentemente calquera tipo de publicidade e promoción que neles se desenvolva, non obstante esta prohibición debera extenderse a todo tipo de xogos (SELAE e ONCE incluidos).

En canto á primeira parte non se comparte a petición de exclusión dos medios de comunicación privados en xeral e da prensa escrita en particular como vehículo de difusión e/ou promoción, por canto as restriccións existentes no anteproxecto (art. 5

autorización previa) son razonables e equilibradas para garantir o cumprimento dos fins de interese xeral que se enuncian.

Redacción alternativa:

O CES considera que a actividade do xogo debería estar completamente prohibida en recintos deportivos e feirais e consecuentemente tamén calquera tipo de publicidade e promoción que neles se desenvolva (SELAE e ONCE incluidos).

5.Emenda de supresión. Consideración xeral sétima.

Xustificación:

No ditame considérase que debería preverse a desaparición das máquinas "comecartos" e de apostas deportivas nos establecementos de hostalaría e restauración se non xa con carácter inmediato, alomenos logo da expiración do período transitorio previsto no texto.

Esta consideración descoñece a realidade dun sector que, basándose nos datos do informe Ardán 2019, xera un volume de empregos directos de 1.762 persoas. Este dato non inclúe os postos de traballo indirectos xerados pola achega do sector á hostalería, pero tendo en cuenta que na actualidade e segundo datos da propia Xunta de Galicia hai 7.093 locais de hostalería que contan con máquina B instalada, é fácil concluír o peso deste sector na hostalería, cunha oferta de xogo consolidada que garante un intre de lecer aos clientes, cun premio controlado e reducido e que non deu ningún problema ao longo dos anos. A máquina B é unha parte máis do establecemento.

Por outra banda, a desaparición de máquina B en hostalería tería a consecuencia dun desprazamento do cliente ao xogo on- line estatal e ten um impacto moi importante sobre os ingresos do sector, que empeoraría ademais unha situación xa efectada pola crise derivada da pandemia da Covid-19. A iso habería que engadir tamén o efecto sobre a recadación da taxa de xogo .

Así mesmo O anteproxecto xa contempla os sistemas de activación remota tanto para as máquinas comecartos como para as máquinas auxiliares de apostas na hostalería (art. 38.2 c).

6.Emenda de supresión. Consideración xeral oitava.

No Ditame establécese que as reiteradas previsións a posteriores desenvolvementos regulamentarios e deseño de políticas públicas, especialmente en relación co xogo responsable, ou ao deseño de políticas de prevención, entre outros, limitan o potencial desta norma para enfrontar decididamente a problemática do xogo en Galicia.

En opinión da CEG é adecuado que o desenvolvemento deste tipo de políticas, que son cambiantes e dinámicas, non se recollan en norma con rango de lei, senon que se deixen ao posterior desenvolvemento regulamentario.

7.Emenda de supresión. Consideración xeral novena.

No Ditame sinálase que o prazo de entrada en vigor da Lei e os períodos transitorios establecidos na mesma son excesivos.

Para o Grupo Segundo non está motivada esta afirmación. Non se pode estar de acordo se a poñemos en relación cos prazos establecidos na norma para a entrada en vigor (un mes), ademáis de non compartir os cambios nos prazos do réxime das autorizacións, con respecto ao réxime vixente.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

8.Emenda de modificación sobre a consideración particular 1.

Na opinión do grupo segundo o termo "cantidades xogadas" debe entenderse por persoa e o concepto de "sesión" por cada día.

Con respecto ao último parágrafo da consideración 1 o grupo segundo considera que debería recollerse no Ditame na seguinte redacción:

O CES considera que para ofrecer maior claridade e seguridade xurídica debería definirse o termo "*cantidades xogadas*", así como que se entende por "*sesión*".

Texto alternativo:

O artigo 2.2.b) exclúe do ámbito de aplicación da lei "o xogo do bingo organizado polos centros de atención á terceira idade ou por asociacións culturais ou deportivas (...)". O CES considera que se deberían de incluír "ou calquera outra non lucrativa".

O artigo 2.2.b) 2º, establece como un dos requisitos para que o xogo do bingo quede excluído desta lei que as cantidades xogadas e os premios outorgados non superen os 300 euros por sesión.
O CES considera que a cantidade de 300 euros é excesiva, e entende que o límite debería ser menor. Por outra banda debería fixarse un límite por persoa, ademais do límite de cantidades xogadas.

O CES considera que para ofrecer maior claridade e seguridade xurídica debería definirse o termo "*cantidades xogadas*", así como que se entende por "*sesión*".

9.Emenda de modificación sobre a consideración particular 2.

O Grupo segundo non comparte a mención que se fai no Ditame con respecto a entender

que a prohibición de concesión de préstamos ou créditos debe extenderse "a toda actividade de intermediación...", concepto moi amplo que pode dar lugar a diferentes interpretacións e que produce incerteza xurídica.

Texto alternativo:

O **apartado 2** do **artigo 4** crea o Observatorio Galego do Xogo. O CES considera que dentro deste órgano colexiado debería terse en conta a participación directa das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

O CES considera que as funcións dos axentes de xogo deben ser desenvolvidas regulamentariamente, aínda a Lei debera cando menos sinalar a natureza e fins, así como criterios mínimos sobre a súa composición do mesmo.

O CES considera que o Observatorio Galego do Xogo debería estender as súas funcións e facer propostas sobre a materia, sobre a base do principio de prevención cando menos das condutas máis indesexábeis, así como facer propostas en aras a combater os efectos máis perniciosos (patoloxías, etc).

O segundo parágrafo do **apartado 3** do **artigo 4** sinala que "en ningún caso se considerará que unha recomendación de frecuencia de xogo baixa sexa correcta para toda a poboación". A xuízo do CES para unha maior concreción e claridade da norma, debería definirse a expresión "*frecuencia de xogo baixa*".

10.Emenda de supresión. Consideración particular terceira.

Xustificación:

O CES considera que dentro do marco das competencias autonómicas a prohibición da publicidade do xogo debe estenderse tamén aos medios de comunicación privados, á prensa escrita, á vía pública e aos medios de transporte da CCAA.

Non se comparte esta proposta, por canto as restriccións existentes no anteproxecto (art. 5 autorización previa) son razonables e equilibradas para garantir o cumprimento dos fins de interese xeral que se enuncian.

11.Emenda de supresión. Consideración particular quinta.

No Ditame establécese que no apartado 1 do artigo 8 (establece que o control de acceso debe estar constituído por medios técnico e, no seu caso, tamén humanos) os medios humanos deberían estar en todo caso presentes, polo que debería de eliminarse a expresión "*no seu caso*". Por outra parte, no apartado 5 do artigo 8 debería sinalarse que o sistema de control de acceso deberá estar operativo en cada unha das entradas *ás distintas estancias*, xa que poden existir diferentes entradas nos mesmos locais. E neste mesmo apartado debería engadirse despois de sistema informático, e recursos humanos, destinado a....

Con respecto a esta consideración o Grupo Segundo queren manifestar que na actualidade existen medios técnicos que garanten sobradamente que non accedan a establecementos de xogo as persoas vulnerables (menores e prohibidos) que é a finalidade que persegue a norma. Estes medios permiten a función de control de acceso sen necesidade de ter fisicamente recursos humanos toda a xornada laboral nunha " garita" cunha única función de vixilancia. Por outra parte este control de acceso debe

estar na entrada, pero non na entrada ás distintas estancias. Na entrada é onde se controla o acceso de persoas menores ou que figuren nun rexistro de prohibidos.

12.Emenda de supresión. Consideración particular oitava.

Ibídem. Proponse a súa eliminación polos motivos antes indicados.

13.Emenda de supresión. Consideración particular novena.

No Ditame considérase que no apartado 7 do artigo 14 debería indicarse expresamente que os locais de máquinas recreativas, bingo, apostas e casino deben ter un carácter independente e non estar comunicadas, entradas e control de acceso independente para cada local.

En opinión do Grupo segundo non é razoable que se dous locais de xogo son colindantes, non podan estar conectados internamente, obrigando ao cliente a saír á rúa desde un establecemento, para entrar a outro colindante, cando ambos son establecementos de xogo. O que é esixible é que os establecementos que estén internamente conectados cumplan individualmente cada un deles cos requisitos de acceso aos que obriga a súa normativa particular.

14.Emenda de adición

Sobre o número 7 do art. 14 e en relación a este a Disposición Transitoria cuarta.

Este artigo establece a non renovabilidade das autorizacións de locais de xogo e máquinas de xogo unha vez transcorridos 15 anos, así mesmo a Disposición Transitoria Cuarta, establece o período transitorio en canto ás autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor do texto normativo, en consonancia co Artigo 14.7, no prazo de 15 anos.

A nova redacción do Artigo 14.7 vai ter un impacto negativo nas empresas de xogo, tanto desde un punto de vista económico como de emprego.

Desde un punto de vista financeiro, traslada a incerteza de que transcorridos os 15 anos de vixencia das autorizacións e da súa extinción, os operadores non logren renovar por non gañar o concurso, cuxas bases ademais descoñécense, ou sinxelamente non poidan optar polo deterioro económico que puidesen sufrir.

Iso vai implicar que o financiamento externo das compañías vaise restrinxir tendo en conta que a duración dos negocios ten xa un final (de 15 anos). Iso vai implicar un menor investimento e desenvolvemento das empresas e por tanto un impacto negativo no seu desenvolvemento e creación de emprego.

As garantías existentes (necesarias ante a Administración) deixarán de ter validez aos 15 anos, de forma que se vai a obrigar ás empresas a concorrer de novo por garantías, sendo o seu status xa distinto e por tanto con maiores dificultades na súa obtención.

No ámbito comparado o normal é que as autorizacións, suxeitas a termo temporal, poidsn ser obxecto de renovación se o titular cumpre coa lexislación correspondente nese momento.

É unha medida que non afecta a outra tipoloxía de xogos (SELAE e ONCE) que non se ven afectados pola devandita limitación.

Esta redacción cambia a inicialmente contemplada en anteriores versións do anteproxecto que se reproducen a continuación e que debe recuperarse na redacción do Anteproxecto:

Redacción Anterior do Artigo 14.7. no Anteproxecto da Lei Reguladora dos Xogos de Galicia.

Artigo 14. Réxime de intervención administrativa en materia de xogo.

(…..)

7. As autorizacións poderán ser renovadas por períodos de igual duración, sempre que se manteñan os requisitos esixidos.

No caso das autorizacións de instalación de establecementos de xogo a renovación non terá lugar e deberá procederse ao seu outorgamento mediante o procedemento de concurso convocado para o efecto cando concorran os seguintes requisitos:

Que exista un terceiro ou terceiros interesados na obtención da autorización

Que a solicitude de renovación por parte do terceiro interesado se efectúe cun prazo de antelación de polo menos 24 meses respecto da data de finalización da duración da autorización existente

Que o solicitante ou solicitantes acrediten o cumprimento dos requisitos que foron tidos en conta para a obtención da autorización por parte do titular ou titulares

Con carácter previo á resolución sobre a solicitude de renovación dunha autorización deberá acreditarse o cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios esixidos para o outorgamento da autorización.

Redacción Anterior da Disposición Transitoria Cuarta do Anteproxecto da Lei Reguladora dos Xogos en Galicia

> Réxime transitorio das autorizacións concedidas de acordo coa normativa anterior
>
> 1. As autorizacións concedidas para a instalación de establecementos de xogo con anterioridade á entrada en vigor da presente lei manterán a súa vixencia polo período polo que foron concedidas.
>
> (……..)
>
> 3. O resto de autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei terán unha duración máxima de 15 anos contados desde a entrada en vigor desta lei podendo ser obxecto de renovación conforme ao disposto no artigo 14.

En todo caso, esta medida non debería afectar, en ningún caso, a aquelas autorizacións que se atopen vixentes á entrada en vigor do presente Anteproxecto de Lei, xa que iso supoñería unha manifesta vulneración do Principio de Seguridade Xurídica, e dentro do seu ámbito, o de "Confianza Lexítima", expresamente garantidos polo artigo 3.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como polo artigo 9.3 da Constitución Española.

O Tribunal Constitucional ten establecido en numerosas sentenzas (SSTC 27/1981, 99/1987, 227/1988, 150/1990 e 173/1996), que a Seguridade Xurídica é: "(…) suma de certeza e legalidade, xerarquía normativa, irretroactividade do non favorable e interdicción da arbitrariedade (…), protéxese en cambio a confianza lexítima dos cidadán que axustan a súa conduta á normativa vixente (…) fronte a cambios que non sexan razoablemente previsibles (…)".

Este principio, aínda que foi acuñado no Ordenamento Xurídico da República Federal Alemá, foi asumido pola Xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas.

Consiste no principio de protección da "Confianza Lexítima" que ten que ser aplicado non tan só cando se produza calquera tipo de convicción psicolóxica no particular beneficiado, senón máis ben cando se basea en signos externos producidos pola Administración o suficientemente concluíntes que induzan ao administrado razoablemente a confiar na legalidade da actuación administrativa, unido a que, dada a ponderación dos intereses en xogo –interese individual e interese xeral-, a revogación ou abandono sen efecto do acto, producen no patrimonio do administrado, que confiou razoablemente na devandita situación administrativa, uns prexuízos que non tiña por que soportar.

A Doutrina Comunitaria á que nos referimos é, sen dúbida, a contida nas temperás Sentenzas do Tribunal de Xustiza, resolutorias dos casos Tomadini, do 16 de maio de 1979, Unifrex, do 12 de abril de 1984 e Haupptzollamt Hamburg- Jonas/ P. Krücken, do 26 de abril de 1988, e sobre todo na "Doutrina Leclerc", recollida nas Sentenzas do 16 de novembro de 1977, do 21 de setembro de 1988 e 10 e 29 de xaneiro de 1985.

Hai que destacar tamén a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea, 2000/125, na mesma liña enunciada, e neste sentido forma parte do acervo que integra o Dereito Comunitario Europeo, no que os Principios Xerais ocupan un lugar especialmente destacado.

Este principio resulta especialmente aplicable cando se basea en signos externos, producidos pola Administración, unido a uns prexuízos que razoablemente se cre que non se ían a producir, tal como establécese nas Sentenzas do Tribunal Supremo do 28 de xullo de 1997 (RJ 1997\6890) e do 23 de maio de 1998 (RJ 1998\4150), que din: "(…) o principio de confianza lexítima (…) ha de ser aplicado non só cando se produza algún tipo de convicción psicolóxica no particular beneficiado, senón máis ben cando se basea en signos externos producidos pola Administración (…) unidos a uns prexuízos que razoablemente creu que non se ían a producir".

Tamén queremos destacar, a Sentenza do Tribunal Supremo, do 13 de setembro de 2002 (RJ 2002\9348), que di: "O principio de protección da confianza lexítima puiden ser admitido, como corolario do principio de seguridade xurídica, consagrado no artigo 9.3 da Constitución Española, e ten por finalidade garantir a previsibilidad das situacións e das relacións xurídicas no marco do Estado de Dereito (…)".

A Doutrina veu configurando unha serie de requisitos básicos que deben concorrer para que se poida falar de conculcación do Principio de "Confianza Lexítima".

1. Acto da Administración o suficientemente concluínte, como para provocar no afectado dita confianza. É dicir, os Principios de Boa Fe, Seguridade Xurídica e "Confianza Lexítima", fixados no artigo 9.3 da Constitución Española, obrigan a outorgar protección a quen lexitimamente puideron confiar na estabilidade de determinadas situacións xurídicas, en base ás cales poden adoptarse decisións que afecten non só ao presente, senón tamén ao futuro.

2. Que a Administración xere signos externos que orienten ao interesado cara a unha determinada conduta. É dicir, a crenza do administrado fundada en signos ou actos externos que a Administración manifestamente realiza, deducida razoablemente, configura a "Confianza Lexítima". Dita crenza, pode mover ao interesado a realizar ou omitir unha conduta ou actividade, que directa ou indirectamente repercuta na súa esfera profesional ou patrimonial.

3. Que o interesado cumprise as obrigacións que lle incumben no caso. É dicir, o administrado deberá cumprir con todos e cada un dos requisitos esixidos pola Administración, de acordo coa normativa de aplicación vixente.

4. Que o quebrantamento da confianza, así xerada, orixine no afectado uns prexuízos que non deba de soportar. É dicir, que tal crenza ou "Confianza Lexítima", conducise ao administrado a realizar uns actos que lle orixinen uns gastos, que no suposto de non mediar ditas circunstancias, non realizase e polo tanto, non habería de soportar.

Pois ben, como dicimos, no caso que nos ocupa entendemos que se cumprirían devanditos requisitos acuñados pola Doutrina, para que podamos considerar que, de aplicarse a modificación pretendida a aquelas autorizacións vixentes á data de entrada en vigor do actual Anteproxecto de Lei, podería entenderse conculcado o principio de "Confianza Lexítima" respecto dos lexítimos intereses das empresas do sector en Galicia.

Este cambio no Anteproxecto de Lei, supoñería ademais a ruptura da situación vixente, que veu funcionando ao longo do tempo e que posibilitou o desenvolvemento dun sector do xogo regulado, asentado na sociedade e cunha importante creación de emprego (1.800 postos de traballo directos e numerosos indirectos) e achega ao PIB da nosa Comunidade.

15.Emenda de adición.- Sobre o art. 14 apartado 8 Réxime de intervención administrativa en materia de xogo.

Esta consideración afecta tamén á proxectada regulación dos arts. 38.2, 3 e 4 do Anteproxecto de Lei (outros locais habilitados para a práctica do xogo)

A redacción proposta do Artigo 14.8 do Anteproxecto de Lei Reguladora dos Xogos de Galicia resulta de difícil entendemento, o que afecta ao principio de seguridade xurídica que debe de presidir unha norma lexislativa.

Se os que se regulan en primeiro termo son os terminais físicos de xogo en liña estatal non reservados (é dicir os que non son de SELAE e ONCE), non queda claro cales son os terminais de Xogo estatais non incluídos nas exencións de autorización da Disposición Adicional Primeira da Lei 13/2011. Dita redacción debería de ser obxecto de revisión e concreción, para clarificala.

Non obstante o anterior se poñemos o texto en conexión coa letra h) do Artigo 2.2 do Anteproxecto que di: 2. Quedan excluídos no ámbito de aplicación desta lei: …… h) Os xogos de ámbito estatal reservados conforme ao disposto na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, poderiamos concluír que os terminais e equipos de SELAE e da ONCE (xogos reservados) non requirirán autorización para a súa instalación.

Por tanto coa redacción proposta posibilitaríase a entrada dunha oferta de xogo non controlada nos locais de pública concorrencia. Isto significa un cambio na actual estrutura do xogo na Comunidade Autónoma de Galicia, que veu funcionando ao longo do tempo e que posibilitou o desenvolvemento dun sector regulado, plenamente incardinado na sociedade e cunha importante contribución á creación de riqueza, emprego e achega ás arcas públicas, da Comunidade.

Como dicimos esta ruptura supoñería de facto ir en contra do espírito do texto normativo que trata de establecer un maior control en canto á actual oferta de xogo.

A Lei 13/2011, do 27 de maio de Regulación do Xogo, salvagarda de maneira expresa as competencia das Comunidades Autónomas en materia de Xogo, e atribúe explicitamente competencia en materia de autorización ás devanditas Comunidades, respecto de determinados extremos relacionados co xogo de ámbito estatal. Así no seu Artigo 9.1, establece : "A instalación ou apertura de locais presenciais abertos ao público ou de equipos que permitan a participación nos xogos esixirá, en todo caso,

autorización administrativa da Comunidade Autónoma cuxa lexislación así o requira. Estas autorizacións rexeranse pola lexislación autonómica de xogo correspondente."

Pola súa banda, a referida Lei 13/2011, do 27 de maio de Regulación do Xogo, na súa Disposición Adicional Primeira, Apartado Cinco, só exonera da devandita autorización a apertura de establecementos accesibles ao público da SELAE e a ONCE.

É dicir, debemos de entender que tanto a SELAE como a ONCE, poden instalar libremente, sen autorización da Comunidade Autónoma competente, establecementos da súa titularidade directa, que formen parte da súa rede comercial, pero debe requirir autorización da Comunidade Autónoma a instalación de terminais para a práctica dos seus xogos reservados, en calquera outro establecemento e iso debería quedar clarificado na redacción do art. 14.8 (a similitude da regulación doutras normas autonómicas: Castela mánchaa - Artigo 17.4 da Lei 2/2013, do 25 de abril, do Xogo e Apostas de Castela a Mancha; Madrid - Artigo 7.4 da Lei 6/2001, do 3 de xullo, do Xogo da Comunidad de Madrid, Cataluña - Artigo 6.5 da Lei 15/1984, do 20 de marzo, do Xogo de Cataluña-; Estremadura - Artigo 41.1 da Lei 6/1998, do 18 de xuño do Xogo de Estremadura).

16.Emenda de modificación. Consideración particular once.

Texto alternativo:

En opinión do CES, os informes da Comisión de Xogo de Galicia deberían ser, cando menos, preceptivos.

No apartado 3 do artigo 20 deberían incorporarse na composición, ademais das entidades que xa figuran, as organizacións sindicais e patronais mais representativas da C. A. de Galicia.

Con esta consideración preténdese incorporar na Comisión do xogo ás organizacións sindicais e patronais máis representativas.

17.Emenda de supresión. Consideración particular trece.

No texto da proposta de ditame considérase que é necesario aumentar a distancia dos establecementos de xogo a 500m. (no anteproxecto prevese 300 m.)con respecto aos centros que imparten ensino regrado a menores de idade e centro de rehabilitación, incluso no suposto de ser a apertura do centro sexa posterior á data de autorización do establecemento do xogo. Nestes supostos o Ces considera que debera iniciarse un expediente que permita ao establecemento desenvolver a súa actividade noutra localización. Por último no ditame considérase que non debe permitirse a apertura de establecementos de xogo en establecementos comerciais de carácter colectivo.

Xustificación: Na opinión do grupo segundo é razoable e ponderada a regulación establecida no texto do Anteproxecto ao preverse o incremento das distancias, de 150 mts. polo camiño máis curto entre establecementos de xogo da mesma categoría: pasan a 300 mts, medidos de forma radial, con respecto a calquera outro establecemento de xogo, independentemente da categoría. Na práctica isto amplía de forma exponencial a distancia.

Por outra parte a aplicación aos supostos de apertura de centros posteriores á data de autorización do establecemento de xogo supoñería unha absoluta vulneración do principio de seguridade xurídica pois a validez dunha autorización para a instalación dun establecemento de xogo quede condicionada a que non se abra nun radio de acción de 500 m. cun centro educativo ou de rehabilitación. Todos os establecementos de xogo deben contar con estritos sistemas de control de acceso, mesmo con barreiras físicas de entrada, que impedirán o acceso de menores e persoas prohibidas. Os datos, son claros e indican que non existen problemas reais cos xogos de menores no ámbito que regula a norma proxectada: segundo os datos de Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, unha incidencia rexistrada con menores en 2020 de 4.342 inspeccións en locais de hostalería e xogo e 0 no que levamos de 2021 nun total de 743 inspeccións.

Por último non se pode compartir a prohibición de apertura en establecementos comerciais de carácter colectivo, prohibición que contravén a liberdade de establecemento.

18.Emenda de supresión. Consideración particular catorce.

No texto da proposta de Ditame sobre o art. 30 (casinos) considérase que debería engadirse que os horarios de apertura ao público serán os mesmos tanto na sala anexa como na principal

Xustificación: Esta consideración no ten en conta que a sala principal e a anexa poden estar en distintas ubicacións e os horarios son particulares de cada establecemento.

19.Emenda de supresión. Consideración particular quince.

O CES considera que a solicitude de autorización previa para o peche do establecemento non se debería restrinxir exclusivamente ao peche superior a 30 días, senón que debería ser preceptiva a citada autorización.

Esta previsión é normal na normativa comparada das Comunidades Autónomas. Non se trata dunha decisión arbitraria, ningún empresario quere pechar o seu negocio e deixar de percibir ingresos. Trátase de simplificar o réxime para supostos de peche de corta duración.

20.Emenda de supresión. Consideración particular dezaséis.

Idem consideracións particulares quinta e novena.

21.Emenda de supresión. Consideración particular dezasete.

Idem consideración particular quince.

22.Emenda de supresión. Consideración particular dezaoito.

Idem consideracións particulares quinta e novena.

23.Emenda de supresión. Consideración particular dezanove.

Idem consideración particular quinta.

24.Emenda de modificación. Consideración particular vinte.

Texto alternativo: O CES considera que debe eliminarse a previsión do **punto primeiro** respecto da posibilidade de autorizar espazos de apostas en recintos deportivos e feirais.

Xustificación: Elimínase a mención do segundo parágrafo polas mesmas consideracións manifestadas con respecto ás consideracións particulares quinta e novena.

25.Emenda de modificación. Consideración particular vinteún.

Texto alternativo: O CES considera que debe eliminarse a excepción á instalación de terminais físicos que permitan a participación en xogos en todo recinto deportivo ou feiral.

Xustificación: Con respecto ao segundo parágrafo non se pode aceptar a eliminación da posibilidade de instalar equipos que permitan a participación en xogos nos locais de hostalería e restauración, además o control de acceso xa está previsto na norma proxectada no art. 38.2.c. Por outra parte tampouco se comparte que o número de máquinas autorizables se adecúe á cifra das que estivesen operativas logo do prazo dun ano previsto no anteproxecto e non á cifra das que contan actualmente con autorización, tendo en consideración a situación provocada pola pandemia de Covid-19 e a planificación a 31 de decembro de 2020.

26.Emenda de adición Sobre o Art. 38. Outros locais habilitados para a práctica do xogo"

Con respecto ao art. 38, apartados 2,3, e 4, a introdución dunha nova tipoloxía de xogo, terminais de xogo de ámbito estatal non reservado, supón a ruptura do actual marco

regulador do xogo na comunidade Autónoma, e novamente vai en contra do obxectivo pretendido do control da oferta de xogo nos locais de pública concorrencia.

Aínda que é verdade que no anteproxecto fíxase un necesario desenvolvemento regulatorio destes terminais, nada se di por exemplo en canto á necesidade de que incorporen un sistema ou mecanismo de control que impida a participación de determinados colectivos no seu xogo, co que iso supón de diferenciación con respecto ás máquinas de tipo B e apostas.

27.Emenda de modificación. Consideración particular vintetrés.

O CES entende que neste novo artigo debería facerse constar que non poderán ser titulares dás autorizacións para a organización e explotación dos xogos as persoas físicas ou xurídicas en cuxo capital participen persoas ou formen parte dos seus órganos de representación ou dirección, as persoas que non se atopen ao corrente non cumprimento dás obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social, as que estean sancionadas por incumprimento dá normativa autonómica ou estatal de xogo e as condenadas mediante sentenza firme por calquera infracción penal derivada dá xestión ou explotación de xogos para os que non fosen autorizados.

Non hai normativa comparada que sinale algo así. A lei xa recolle como unha posible sanción a revogación da autorización da empresa de xogo no caso de comisión de infraccións moi graves. Por outra parte non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social é un concepto moi amplo, por exemplo; unha inspección tributaria dun administrador que derive nunha liquidación complementaria ou mesmo nun expediente sancionador debe conlevar a revogación da autorización da empresa de xogo da que é administrador?

Propoñemos a redacción que contemplan na maioría dos Regulamentos dos xogos deste requisito para poder ser titulares das autorizacións:

Que as persoas socias non teñan antecedentes penais e non se atopen nalgunha das situacións que deben ser expresadas na declaración complementaria de conduta cidadá e que as persoas que ocupen cargo de administrador, directivo, xerente ou apoderado non estean condenadas mediante sentenza firme, dentro dos cinco anos anteriores á data de

solicitude da autorización por delito de falsidade, contra a propiedade ou contra a Facenda pública, así como por calquera infracción penal derivada da xestión ou explotación de xogos non autorizados (art.8 do Regulamento de Apostas Deportivas).

28.Emenda de supresión. Consideración particular vintecatro.

Considera a proposta de Ditame que o importe mínimo da fianza debe establecerse con rango de lei en orde a garantir a cobertura de responsabilidades.

Xustificación: non se pode aceptar porque a fianza garante obrigas de índole administrativo que ten a empresa de xogo, non obrigas civiles derivadas do contrato de xogo co xogador.

Emendas con respecto ao réxime de infraccións e sancións:

Con repecto ao réxime de infraccións e sancións considérase adecuado e ponderado con arreglo á normativa do noso entorno o réxime previsto no texto do Anteproxecto.

29.Emenda de modificación. Consideración particular vintecinco.

Texto alternativo:

O CES considera que debe incluírse na lista de infraccións moi graves a seguinte: O trato discriminatorio no acceso aos establecemento de xogo por calquera dos motivos previstos no artigo 7.2.

30.Emenda de supresión. Consideración particular vinteséis.

31.Emenda de supresión. Consideración particular vintesete.

32.Emenda de supresión. Consideración particular vinteoito.

33.Emenda de supresión. Consideración particular trinta.

Na opinión do grupo segundo debe manterse a posibilidade de adaptación da tributación a través da Lei de acompañamento.

34.Emenda de supresión. Consideración particular trinta e un .

O CES considera que debe suprimirse a posibilidade de realizar actividades publicitarias dos xogos sen autorización administrativa aínda que a súa natureza sexa simplemente informativa.

Xustificación: Consideramos que neste caso a publicidade informativa non debería esixir autorización previa.

35.Emenda de modificación. Consideración particular trinta e dous.

O grupo segundo manifesta o seu consenso con respecto ao parágrafo segundo, pero non con respecto ao primeiro ao non estar de acordo coa duración das autorizacións.

Texto alternativo:

No punto 2º desta Disposición Transitoria cuarta, o CES estima que se debería establecer un prazo para a aprobación do Regulamento e non aludir a un comezo dos traballos. A eficacia desta Lei ven moi condicionada ao seu desenvolvemento regulamentario polo que parece desexable fixar prazos para que este desenvolvemento estea operativo.

36.Emenda de supresión. Consideración particular trinta e tres .

O CES considera que non pode exceptuarse do cumprimento das distancias previstas no anteproxecto aos establecementos con autorización vixente senón que o réxime transitorio debe prever a caducidade destas autorizacións no prazo máximo de cinco anos.

Xustificación: O grupo segundo non pode estar de acordo, porque afecta á actividade dos establecementos e o emprego destes, ao establecerse na proposta de ditame a caducidade das autorizacións nese período de cinco anos.

37.Emenda de supresión. Consideración particular trinta e catro.

Na proposta de ditame se considera que os expedientes que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento de presentación da solicitude coa excepción dos requisitos da distancia a centros educativos e de rehabilitación, en cuxo caso deberán resolverse de xeito negativo.

Xustificación: Supón unha aplicación retroactiva da norma que afecta ás condicións pola que se presentou a solicitude. Por este motivo non se pode manifestar acordo coa redacción da proposta de ditame.

*****